



Gregorio SANZ
Avda. de Luarda s/n
27700 - RIBADEO (Lugo)

NOTA INFORMATIVA ENTROIDO

Estimadas familias, trasladámosvos información relativa ás actividades do Entroido:

- O luns, 29 de xaneiro, teremos unha actividade na que nos achegaremos á figura das "Mascaritas" propia do Entroido popular de Ribadeo.

- A semana do 5 ao 9 de febreiro entraremos na festa propiamente dita:

* Do luns ao xoves, seguiremos os "mandatos do Meco" (dos que enviaremos nota detallada para a semana); pero adiantámosvos que este curso están encamiñados a converternos en "Mascaritas". Así que, rescatade por faiados, casas de avós... os complementos que vos irá pedindo cada día da semana (non serán obxectos novos nin mercados, senón o que atopedes pola casa).

* O venres, 9, será o gran desfile polas rúas da vila. Este curso "Mergullámonos en Ribadeo", polo que a temática elexida é relativa ao mundo mariño. Dende cada titoría xa vos están informando dos materiais ou complementos que precisan para a elaboración do disfraz.

- Por outra banda, agradecer a colaboración do Concello e ANPA A Faxarda, que se fan cargo do custe da actuación musical a cargo de "Louband Street Band" que animará o desfile esa xornada.

Convidámosvos a compartir este día de festa e que VIVA O ENTROIDO!!!

